

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Bases do certame “VII Mes de Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”*

#### ANUNCIO

**Bases do certame “VII Mes de Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”**

Por medio do Decreto número 184/2020, do 11/03/2020, aprobáronse as bases do certame “VII mes de teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”, que a continuación se transcriben:

#### “VII Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras”

#### OBXECTO

1. O Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras ten a vocación de promover e organizar actividades teatrais, e contribuír á mellora da oferta cultural eumesa, potenciando a divulgación das compañías/agrupacións teatrais afeccionadas.

#### CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

2. O VII Certame do Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras terá lugar os días 2, 9, 16, 23 e 30 de maio de 2020.
3. O inicio do certame será o día 2 de maio e a clausura o día 30 de maio e realizarase por parte dunha compañía de teatro eumesa.
4. O horario das representacións será ás 20.30 horas. O lugar de tódalas representacións será o salón de actos do IES Breamo situado na Rúa Ricardo Sánchez n.º 5, Pontedeume.
5. As labores de carga e descarga, así como as de montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo. Reservarase espazo de aparcamento suficiente para a compañía invitada.

#### MEDIOS TÉCNICOS

6. O Salón de Actos do IES Breamo conta coas seguintes dotacións técnicas (pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume un plano esquemático do salón de actos):

- Un escenario de 7 m de ancho, 5 m de fondo e 2,5 m de alto. Conta con paso traseiro e entrada directa ao escenario desde o camerino.
- Unha barra exterior dotada de 4 focos PAR e 4 focos PC.
- 3 luces no frontal do escenario con cores intercambiables.
- Mesa de son e de luces.
- Reprodutor de DVD e proxector.
- Toma de corrente.
- Tarima de madeira.
- Telón.
- Patio de butacas cun aforo para 130 persoas.
- Aparcamento reservado para carga e descarga.

#### CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

7. O encontro só está aberto a grupos de teatro afeccionado. Cada grupo pode presentar ata un máximo de 3 obras, das cales só poderá ser seleccionada unha. As obras poderán ser representadas tanto en galego como en castelán e deberán ter unha duración mínima de 45 minutos.

8. Non se poderán presentar obras seleccionadas en edicións anteriores deste certame, pero si poderán participar compañías que teñan participado en anos anteriores.

9. Poderán presentarse cantas compañías ou asociacións teatrais desexen das que se escollerán as 3 obras seleccionadas para participar no certame quedando as demais como reservas en función da valoración realizada polo xurado.

#### REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

10. Toda compañía que desexe participar no encontro deberá enviar a seguinte documentación:

- A “Ficha do espectáculo” cuberta cos datos da obra representada. (Pode descargarse da páxina web do Concello de Pontedeume).
- Un mínimo de 3 fotografías do espectáculo e cartel da obra en formato dixital e cun tamaño mínimo de A4 para a promoción do mesmo.
- Un contido multimedia ou dvd do espectáculo íntegro que se representará, ou enlace web para a súa visualización. En caso de que o arquivo exceda o límite da capacidade para presentar mediante sede electrónica, poderá achegarse de forma física no rexistro do Concello o por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da lei 39/2015 coa xustificación de que a presentación do resto da documentación foi realizada a través da sede electrónica.

11. Todo isto deberá ser facilitado a través da sede electrónica especificando no asunto VII Teatro Aficionado Pontedeume en Obras.

12. A documentación gráfica presentada en relación coas obras seleccionadas pasará a formar parte dos fondos da organización, quen poderá usala para publicidade deste ou posteriores encontros.

#### PRAZO

13. O prazo límite para a presentación da documentación conclúe o martes 31 de marzo de 2020 as 15.00 horas.

#### SELECCIÓN

14. A selección e organización por parte do Concello de Pontedeume poderá contar coa posibilidade de nomear asesores ou contratar servizos de asesoramento.

O xurado de selección estará integrado por parte do Concello de Pontedeume pola Concellería de Cultura en calidade de secretaria e por 4 membros da agrupación teatral Damecuerdaqueteatro e serán nomeados por Resolución de Alcaldía.

#### CACHÉ

15. O Concello de Pontedeume abonará un caché de 350,00 € a cada unha das tres compañías seleccionadas, que deberán realizar a representación elixidas nas datas que se lles indique, sendo estas o 9, o 16 e o 23 de maio.

En caso de ser necesario o cobro dos dereitos da SGAE estes serán abonados por parte da asociación ou compañía teatral.

Para poder facer efectivo o ingreso dese cache cada compañía ou agrupación teatral deberá achegar, unha vez representada a obra a seguinte documentación:

- Unha certificación bancaria do número de conta do que sexa titular.
- Unha factura por 350,00 € a nome do Concello de Pontedeume (CIF P1507000F, Rúa Real, 13, Pontedeume, A Coruña) en concepto de “Representación por participación no VII Mes do Teatro Aficionado Pontedeume en Obras”. A dita factura deberá presentarse a través da plataforma online de presentación de facturas electrónicas.
- No caso de que a actuación sexa realizada por unha das asociacións que estaban inscritas como reservas será esta a que presente a factura a través da plataforma.

Os datos para a presentación son:

Punto de entrada automatizada de datos (FACE): [www.face.gob.es](http://www.face.gob.es)

Código da oficina contable: L01150695 INTERVENCIÓN

Código do órgano xestor: L01150695 ALCALDÍA

Código da unidade tramitadora: L01150695 INTERVENCIÓN

#### CONFORMIDADE

16. A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

17. Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será resolta polo Concello de Pontedeume de maneira inapelable.”

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido da propia resolución.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 12 de marzo de 2020.

2020/2131